



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **27 de decembro de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

4.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DA HISPANIDADE. EXPTE. 2019/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avda. da Hispanidade (expediente 2019-440) á mercantil ALDASA, S.L.U., por un prezo total de 163.000 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 28.289,26 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 96 meses.
- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e sete de decembro do ano dous mil trece.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

